



Proxecto de dinamización da biblioteca escolar 2009- 2010

Avda. de Galicia 101, 36216 VIGO
Tfs: **986 37 38 11 – 986 37 40 00**
Fax: **986 37 50 58**
E-mail: **ies.teis@edu.xunta.es**



INDICE

1- PORTADA	1
2- ÍNDICE.....	2
3- XUSTIFICACIÓN.....	3
4- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA A BIBLIOTECA PARA ESTE CURSO.....	4
5- ANÁLISE DAS NECESIDADES E ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS DOCUMENTAIS.....	6
6- OBXECTIVOS.....	8
7- TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	9
8-ACTUACIÓN POR TRIMESTRES.....	11
a) Xestión técnica e organización	
b) Dinamización	
- Formación de usuarios: Visitas Guiadas.	
- Educación para o acceso á información.	
- Proxecto lector do centro e fomento da lectura.	
- Apoio ó estudo e outras actividades para a compensación de desigualdades.	
- Temporalización das actuacións por trimestres.	
9- HORARIO PREVISTO.....	18
10-CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18

3. XUSTIFICACIÓN.

Nos últimos 5 anos, dende a Consellería de Educación tense feito un claro esforzo por potenciar as Bibliotecas Escolares. Todo isto dende a visión da Biblioteca escolar *"como un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas, que facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe, que favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes"*.

O mesmo que en cursos anteriores, as persoas relacionadas coa dinamización da nosa biblioteca temos moi presente que para que isto sexa unha realidade no noso centro compre potenciar:

- A animación á lectura en familia
- A vivencia da biblioteca como centro que dinamiza:
- O estudo, o apoio á diversificación, e á aprendizaxe nas distintas materias
- O coñecemento do mundo, partindo do propio centro e cidade.
- A preparación para aprendizaxe autónoma
- A introdución da comunidade educativa na sociedade da información e no manexo das novas tecnoloxías.

Dende a elaboración dos primeiros proxectos de biblioteca no ano 2003, xa se deron pasos nesta dirección, pero na avaliación feita a finais do curso 2008-2009, os resultados mostraban con claridade que aínda estamos no comezo do camiño, e temos que dar aínda moitos pasos mais.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA PARA ESTE CURSO.

Despois das reformas acometidas o ano pasado na dotación de ordenadores e na distribución de mobiliario e dos fondos, podemos dicir que neste curso partimos en mellores condicións para poder desenvolver a actividade normal da biblioteca.

O gran problema para este curso será non contar cun equipo de persoas suficiente para poder xestionar e dinamizar debidamente estes recursos, dados os drásticos recortes de persoal docente ós que nos vemos sometidos este ano.

5. ANÁLISE DAS NECESIDADES E ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS DOCUMENTAIS.

SITUACIÓN ACTUAL:

Aínda que no curso pasado foi completado o transvase ó rexistro Meiga dunha parte importante dos fondos existentes, aínda quedan materias pendentes, que esperamos rematar de rexistrar neste curso.

Queda tamén pendente de rematar o expurgo de rexistros inexistentes ou modificar a súa asignación, labor que nos ocupará este curso igualmente.

NECESIDADES DE RENOVACIÓN:

No pasado curso , aproveitando as achegas económicas para clubs de lectura e bibliotecas escolares que nos asignaron dende a

Consellería, foi posible comezar a crear unha sección de lecturas de tipo xuvenil, que provisionalmente ubicamos no andel "Club de Lectura".

Comezamos xa, e pensamos continuar coa renovación dos puntos de lectura do patio cuberto, e un primeiro intento de rotulación de xeito experimental. Para levar adiante esta iniciativa con éxito dependemos da resposta dos departamentos didácticos e do propio alumnado.

6. OBXECTIVOS.

Obxectivos xerais:

A nosa meta, igual que en anos anteriores, é transformar a nosa biblioteca nun centro de recursos, integrado de cheo nas prácticas educativas de aula e de centro. En definitiva unha biblioteca que sexa:

- Centro de recursos e de documentación, aberto á realidade e ás novas formas de produción e transmisión da cultura, ao saber e ao entretemento.
- Recurso educativo centrado no proceso ensino-aprendizaxe.
- Recurso de uso común na vida cotiá dos centros escolares a tódolos niveis.
- Recurso educativo que contribúe a compensar desigualdades ao proporcionar a todos e todas o acceso real a materiais de educación e cultura.
- Recurso educativo aberto a toda a comunidade educativa e en relación a outras entidades culturais coma a biblioteca pública.

Pretendemos que este proxecto vaia na liña proposta no Manifesto da Biblioteca Escolar da UNESCO e da IFLA (Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios) aprobado en decembro de 1999 polo que os nosos obxectivos xerais serían os seguintes:

- Crear e fomentar no alumnado o hábito e o gusto de ler, de aprender e de utilizar as bibliotecas ao longo de toda a súa vida.
- Ofrecer oportunidades de crear e utilizar a información para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Ensinar ao alumnado as habilidades para avaliar e empregar a información en calquera soporte, formato ou medio.
- Proporcionar acceso aos recursos que permitan ao alumnado pórse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas doutros lugares, favorecendo a sensibilización cultural e social, e fomentando unha cidadanía responsable.
- Traballar co alumnado, o profesorado, a administración do centro e as familias para cumprir os obxectivos do proxecto educativo do centro.

Obxectivos específicos:

Para o alumnado:

- Creación dun espazo agradable e organizado que anime a adquirir información.
- Concienciación sobre a necesidade de ler como fonte de información.
- Potenciar a aprendizaxe permanente e autónoma a través das novas tecnoloxías.
- Animación á lectura como fonte de lecer e enriquecemento persoal.
- Para o profesorado:
- Concienciación do profesorado para involucrarse

activamente na dinamización da biblioteca, por medio das titorías, das súas propias programacións e pola participación na Comisión de Biblioteca no Consello Escolar.

- Formación do mesmo na procura de fontes de información coas ferramentas tecnolóxicas.
- Formación dos profesores no emprego do sistema de xestión informatizada da biblioteca.
- Concienciación dos mesmos para potenciar o uso da biblioteca como recurso educativo da aprendizaxe permanente, autónomo e igualitario.
- Introducción das novas tecnoloxías como recurso de información.
- Para as familias:
 - Concienciar ás familias da importancia de ler como enriquecemento persoal, como fonte de lecer e como aprendizaxe autónomo.
 - Potenciar a animación lectora no ámbito familiar.
 - Potenciar o contacto familiar coas utilidades escolares que poida ofrecer a biblioteca a través da súa páxina web, e pola participación na Comisión de Biblioteca do Consello Escolar
 - Informar, no ámbito familiar, sobre a necesidade de introducir as novas tecnoloxías como recurso de información.
- Estas metas , que repetimos ano tras ano, e reflectimos proxecto tras proxecto, seguen a ser un lonxano punto de mira que nos vai guiando no camiño. Dadas as características de funcionamento deste centro, e os hábitos adquiridos do profesorado e alumando, somos plenamente conscientes de que son utopías, ás que temos que tender, pero que estamos a anos luz de conseguir.

7. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Para levar adiante a dinamización da biblioteca este curso non imos poder contar cun verdadeiro equipo de persoas con horas de dedicación, como en anos anteriores . Esta situación ven dada , como xa indicamos antes, polo recorte de persoal docente imposto pola inspección.

Deste xeito só estarán as seguintes persoas con dedicación expresa á dinamización da biblioteca:

Rosa Fariña García. Profesora con horario exclusivo de diúrno na biblioteca.

Alicia López Regueiro. Profesora de Bioloxía e Xeoloxía, exercendo as funcións de coordinación.

Ana Mauriz Dígón. Profesora de Francés, con 3 horas lectivas de colaboración no equipo de dinamización.

Flor Currás. Profesora de Inglés, con 3 horas de dedicación.

Puntualmente, algunhas persoas que realizan gardas de biblioteca colaborarán no desenvolvemento dalgunhas labores. Entre esas persoas están as seguintes profesoras con destino definitivo: *Nuria Veiga, Esther Veiras, Carmen Cambón*, non descartando novas incorporacións ó longo do curso.

As funcións que, malia os recortes, intentarán seguir desempeñando son:

- Dinamizar a actividade da biblioteca do centro.
- Coordinar as distintas actuacións que desde ela se promovan.
- Coordinar a xestión de mantemento da mesma.

- coordinar co equipo do proxecto tic o sistema de xestión informatizada da biblioteca.
- Orientar ao profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles na biblioteca.
- Avaliar trimestralmente a evolución do dinamización do proxecto e informar do mesmo ao claustro e á dirección
- Elaborar o programa anual de biblioteca escolar e incorporalo ao Plan Anual do centro (PAC).
- Participar, mediante a representación da persoa coordinadora, na comisión de coordinación pedagóxica (CCP).
- Todas aquelas que, relacionadas coa dinamización da biblioteca, acorde o equipo do proxecto e a dirección.

Habería tamén que incluír as labores de coordinación co *Plan Lector do Centro*, pero ó non existir este ano unha persoa coordinadora deste plan non ten sentido reflectilo neste proxecto. O que non quere dicir que non se intente levar adiante actividades para o fomento da lectura

As tarefas a desempeñar relacionadas coas funcións indicadas seguirán a ser:

- Coordinación co proxecto TIC e Lector. Actualizacións para a páxina web do centro, e outros aspecto informáticos (soporte Meiga) Representación no Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica. Presentación de informes trimestrais
- Rexistro dos novos documentos . Actualización da base de datos.
- Xestión de compras de material e outros aspectos de mantemento.
- Revisión da orde nos andeis . Actualización das listas de exemplares dados de baixa
- Seguimento de préstamos e devolucións. Revisión das listas

de morosos e comunicados ós titores. Avisos ó profesorado.

- Promoción doutras actividades: Visitas guiadas, concursos, etc...
- Para facilitar a coordinación continuarase a facer reunións periódicas na banda horaria que resulte mais propicia. Tamén se facilitara a circulación de información vía correo electrónico.

Tamén con miras a unha mellor coordinación confeccionarase unha grella na que figuren as horas de dedicación ó proxecto das dúas persoas implicadas, e das colaboradoras, podéndose así planificar as actividades contando cos momentos de presenza real.

As normas de funcionamento e uso da Biblioteca serán as mesmas que figuran na Guía da Biblioteca presentada en Claustro nos anos anteriores, coas modificación incluídas despois da aprobación do novo Regulamento de Réxime Interno do centro.

8. ACTUACIONES POR TRIMESTRES

a) Xestión técnica e organización:

Para desenvolver o presente proxecto e acometer as labores marcadas para o Equipo de Dinamización no apartado 7, está previsto dar os seguintes pasos:

1. No comezo do curso 2009 / 2010 : Primeira reunión de persoas dinamizadoras e concrecións sobre o reparto de labores e aplicación do calendario. Reunión tamén no comezo de curso cos responsables do Proxecto TIC para concretar accións comúns e servizos a prestar ó longo do curso.

2. Nas semanas previas á apertura da biblioteca: Xuntanza co Equipo Directivo e profesorado de garda de biblioteca explicar aplicación do soporte Meiga á hora da atención a usuarios e realización de préstamos e devolucións, e demais aspectos do funcionamento da Biblioteca.

3. Por esas mesmas datas: Conversas cos titores e titoras para informar do calendario de actuacións, obxectivos das mesmas e tipo de implicación que se require do profesorado en cada caso.

Realizados estes pasos , comezarase a desenvolver a actividade marcada no proxecto.

b) Dinamización:

O tipo de actuacións a desenvolver parten da situación inicial que temos e do modelo de biblioteca escolar que pretendemos potenciar, xa exposto na xustificación deste proxecto. Por todo iso as accións desenvoltas terán que abordar a formación dos usuarios, a educación para o acceso á información, o fomento da lectura en coordinación co proxecto lector, o apoio ó estudo e a compensación de desigualdades, e a vinculación a outras actuacións realizadas dentro da programación do centro.

Formación de usuarios:

A formación de usuarios e educación documental ocupa actualmente un lugar fundamental nas bibliotecas escolares. Nesa liña pretendemos conseguir que o alumnado sexa máis autónomo buscando e manexando información en distintos medios. Tamén somos conscientes de que o alumnado presenta unha serie de dificultades, como non ter claro o obxectivo da busca, a falla de práctica na busca de documentos e a baixa destreza na reelaboración da información.

Polo tanto as actividades programadas van deseñadas para que o alumnado vaia superando algunhas destas dificultades, aprendendo como orientarse para facer un préstamo, iniciándose no uso de técnicas de busca e coñecendo como seleccionar e reelaborar a información que manexa. Calquera alumno ou alumna debe coñecer o espazo físico de biblioteca, tamén saber os criterios de clasificación do fondo documental e localizar rapidamente calquera documento.

Neste aspecto, a actividade de formación que realizaremos será:
Realización dunha visita colectiva á biblioteca.

Contéplase o uso e funcionamento da biblioteca co obxectivo de presentarlle ao alumnado os locais, servizos e organización, fondos e catálogos. A biblioteca informará das datas e horas destas visitas de formación que serán guiadas por titores ou titoras de biblioteca. Estas visitas estarán orientadas, preferentemente, cara ao novo alumnado, aínda que podería ampliarse a outros grupos, e organizaranse en colaboración cos titores.

Nesta actividade realizaranse os seguintes procedementos:

- De ser posible, unha sesión previa preparatoria na titoría
- Recepción do alumnado e presentación.
- Explicación do espazo físico.
- Explicación sobre os servizos ofertados e normas de uso da biblioteca
- Presentación do fondo documental .
- Explicación do proceso de catalogación.
- Criterios propios da nosa clasificación documental .
- Coñecemento das partes físicas e de contido dos libros.
- Explicación do sistema de préstamo, consulta en sala, ordenadores, axuda á consulta e folla de suxestións.
- Proporcionar mínimos coñecementos informáticos para

manexar o catálogo de bibliografía no ordenador.

- Presentación da páxina web.
- Presentación da caixa de suxestións.
- Taboleiro de biblioteca.
- Entrega do carné de lector.

Educación para o acceso á información. Formación documental:

Este é sen dúbida o campo en que menos temos avanzado nestes últimos anos a nivel de centro. Como xa quedou reflectido na memoria de fin de curso 2008-2009, só un reducido grupo de profesorado (ó redor dun 5%), anima e guía ó seu alumando na realización de traballos para a súa materia usando a biblioteca como recurso.

Este ano seguiremos ofertando a Biblioteca para que o profesorado se achegue cos seus alumnos e horas lectivas reservadas con antelación, para realizar actividades de procura de información ou procesamento da mesma.

Nesta mesma liña, ofertaremos en formato tríptico as orientacións sobre os pasos que seguir para realizar un traballo na biblioteca. Xa fixemos isto no curso anterior en formato cartel na entrada, pero probaremos este ano a facelo por medio das titorías, ven nas visitas guiadas de principios de curso na eso, o ben polos propios titores no caso de bacharelato e ciclos.

Proxecto lector do centro e fomento da lectura:

Aínda que este ano non exista a figura do Coordinador do Plan Lector, entendemos o plan como tal non deixa de existir, e polo tanto segue a existir o noso compromiso co fomento da lectura , coma ferramenta de aprendizaxe, e coma actividade lúdica.

Os nosos obxectivos serán: Espertar o interese por ler, capacitar para abordar distintas clases de textos e favorecer especialmente a lectura en galego . Para iso realizaremos as seguintes actividades:

Animación á lectura desde o libro.

Dada a limitación de persoal para asumir labores este ano, non nos comprometemos a facer recomendacións de lecturas a ritmo fixo e frecuente. Se finalmente comezan a funcionar os blogs de departamentos, sopesariamos a posibilidade de facer este labor por medio desta ferramenta .

Mellorar a sección de literatura xuvenil.

Tanto galega e castelá, e de novelas actuais (novidades, premios literarios, etc) contando con exemplares nos puntos de lectura no patio cuberto. Dados os resultados tan negativos que dou o punto de lectura establecido de xeito experimental a fin do curso pasado , buscaremos estratexias alternativas ó longo deste ano con ideas que achegue o profesorado disposto a colaborar , se é que podemos contar con alguén.

Promoción do libro galego.

Celebraremos a semana das LETRAS GALEGAS. Ademais das exposicións que se fan nos corredores e no patio cuberto pódese ambientar tamén a obra bibliográfica do autor ou autora no entorno da biblioteca.

A experiencia de *Biblioteis* no curso pasado foi positiva, pero ó non contar este ano con profesorado que siga levando esta iniciativa, non temos mais que renunciar a promover Clubs de Lectura neste curso, xa que as persoas que estamos dinamización da Biblioteca non temos tempo nin medios para asumir este traballo.

Mochilas viaxeiras:

Despois dos resultados esperanzadores acadados o ano pasado nos primeiros cursos da ESO, tentaremos repetir este ano, comezando mais cedo co reparto das mochilas para que non haxa quendas de lectura a fin de curso. Renovaremos, se o presuposto o permite, as ofertas de música e películas a ofertar. Tentaremos conseguir unha participación de familias similar ó ano pasado, aínda que somos conscientes de como isto depende en gran medida da actitude con que se xestione dende as titorías.

Animación á lectura desde a escrita e desde a oralidade:

Dadas as limitacións de persoal que padeceremos este ano, non nos comprometemos dende a Biblioteca a organizar actividades neste campo, como adoitabamos facer en anos anteriores.

Animación á lectura desde o xogo:

Non se fará este ano unha 3ª edición do Campionato de Xogos de Lecturas, polos motivos xa mencionado na memoria de fin de curso pasado.

En todo caso, e se hai tempo dispoñible, e persoas que axuden a poñelo en marcha, realizaremos un xogo /concurso de investigación e pistas como o realizado no curso 2007/2008 baixo o nome de "*Misterio na Biblioteca*", ben usando as ferramentas do *Taller de Xogos* da páxina web do instituto, ou ben noutro formato.

Apoio ó estudo e outras actividades para a compensación de desigualdades:

Esta é unha función que debe de cumprir toda biblioteca escolar. Non contamos este ano cun equipo que poida asumir esta labor por si mesmo. Aínda así ofertaremos a biblioteca como espazo e ferramenta

ó profesorado que se encargará dos grupos de alumnado que este ano recibirán clases de reforzo fora do seu horario lectivo.

c) Temporalización para o desenvolvemento das actuacións.

1º Trimestre:

En setembro:

- Reunión das persoas responsables da dinamización da Biblioteca para concreción de calendario e reparto de labores.
- Reunión co profesorado de Garda de biblioteca para explicar o funcionamento de préstamos e devolucións e normas de uso.
- Reunión cos titores para organizar as visitas guiadas á biblioteca e falar das Mochilas Viaxeiras.
- Renovación de base de datos de alumando e profesorado e impresión de carnés.
- Xestións con servizo de Meiga que sexan precisas.

En outubro:

Visitas guiadas á biblioteca e reparto de carnés. Dotación das mochilas viaxeiras e inscrición das familias interesadas en participar. Reparto das guías sobre a realización de traballos nos curso que aínda non se fixera.

Novembro/Decembro:

Recomendación de lecturas (se é factible) e aviso de novidades nos distintos soportes, acompañamento a alumnado para a formación documental, se hai profesorado que os dirixa a biblioteca. Comezo da actividade das Mochilas viaxeiras. Presentación de informe ó Claustro.

2º Trimestre:

Xaneiro:

Comezar deseñar xogo de pistas para concurso de 3º trimestre.

Febreiro/Marzo:

Preparación dalgún cartel para o *Día da Muller*. 2º informe ó Claustro.

3º Trimestre:

Abril:

A volta de Semana Santa ir rematando coa actividade das mochilas viaxeiras. Coincidindo co día do libro, facer algún cartaz mais, se é posible. Realización das distintas modalidades de concursos programadas.

Maió:

Ambientación da biblioteca para día das Letras Galegas.

Resto do trimestre:

Continuación coa recomendación de lecturas e aviso de novidades nos distintos soportes (en torno ó día do Medio Ambiente), remate do acompañamento a alumnado para a formación documental (en caso de habelo).

Entrega de premios dos diversos concursos no festival de fin de curso.

9. HORARIO PREVISTO

Contamos con que no vindeiro curso a distribución de horas de apertura sexa a mesma que nos cursos anteriores:

De 9:50 a 13:40 pola mañá e de 16:50 a 21:15 horas.

Con esta distribución garátese o acceso ós servizos a toda a comunidade escolar. Pola distribución horaria do profesorado implicado , de diúrno e nocturno, cóntase con ter sempre atendida a biblioteca con profesorado de garda e unha persoa do equipo de dinamización toda a mañá. Pola quenda de tarde está garantida a presenza de profesorado de garda en cada hora, e unha media de 5 horas semanais de profesorado do equipo de dinamización.

10. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación dos avances ou dificultades dá posta en marcha do proxecto, mediante reunións mensuais das persoas encargadas da dinamización. Nestas reunións rexistraranse por escrito os logros e os atrancos, os adiantos e retrasos, dun xeito concreto e medible. Igual que nos cursos pasados farase un informe trimestral para dar conta ao claustro, e a dirección, da evolución do proxecto así como das medidas correctoras que se consideren necesarias.

Aspectos a avaliar:

Aspectos da actividade da biblioteca, como son:

- Organización e xestión: consulta de préstamos, variedade de documentos, fondos documentais, páxina web.
- Infraestruturas: mobiliario, ambiente do local, ordenadores, etc.
- Utilización da biblioteca dun xeito individual ou colectivo .
- Adecuación da sinalización para a orientación
- Respecto ás normas de convivencia e funcionamento.
- Manexo da información polo alumnos.
- Opinións sobre a adecuación do horario, etc.
- Grado de cumprimento das actuacións.

Criterios e procedementos de avaliación:

- Para os aspectos da actividade da biblioteca farase avaliación cualitativa , como mínimo unha vez por trimestre, nas reunións do equipo de dinamización da biblioteca, previa a presentación do informe trimestral ó Claustro e á Comisión de Biblioteca do Consello Escolar.
- Para o grado de cumprimento das actuacións: cunha escala numérica do 1 ó 5 , valorarase:
 - A difusión de novidades e recomendación de lecturas, cualificando cun 3 a realización de 1 vez por trimestre nalgún dos soportes marcados.
 - As actividades de formacións de usuarios, cualificando cun 5 se son realizadas visitas de tódolos cursos de ESO, con entrega de guías e carnés, no mes de outubro.
 - Concursos, puntuando cun 3 se acadamos o mesmo grado de participación que o ano pasado, e subindo a

puntuación proporcionalmente se rexistramos maior implicación de alumnado e profesorado.

- Mochilas viaxeiras, valorando cun 3 a participación dun mínimo de 18 familias que cubran completo o cuestionario sobre as lecturas ofertadas.
- A colocación de carteis ou ambientacións en datas especiais, valorando cun 3 o lograr facelo 3 veces no ano.
- A formación documental: valorando cun 3 o reparto das guías sobre facer traballos a tódolos cursos de ESO, Bacharelato e PCPI, e se superamos o 5% de participación de profesorado neste campo.
- Como complemento a esta valoración feita polo Equipo de Dinamización, poderán usarse cuestionarios de satisfacción do usuario difundidos a través das titorías ou nalgún apartado específico da páxina web.

Proxecto de dinamización da biblioteca

I.E.S. de Teis

2009-2010